

3º Educación Primaria Día das letras galegas 2025

As cantareiras e a poesía popular oral

AS CANTAREIRAS

As cantareiras son as mulleres que interpretan cantigas da nosa música tradicional ou popular.

Estas cantigas interprétanlas nos festexos tradicionais, foliadas, seráns, ruadas, polavilas... ao remate dalgún labor agrícola colectivo: esfolladas, fiadas... ou mesmo nas festas familiares ou veciñais.

Normalmente nestas celebracións había música e baile. Ás veces aparecía (ou era contratado) algún gaiteiro ou acordeonista, pero normalmente estas cantareiras usaban a súa voz e instrumentos de percusión como as pandeiretas, os pandeiros e tamén ferriños, cunchas, latas grandes de pemento, sellas, tixolas... case calquera cousa que producise son.

Nas festas, as pandeireteiras normalmente actuaban en grupos, botando as cantigas por quendas, de tal xeito que todas, nalgún momento, puidesen participar no baile.

As festas, foliadas nas que interviñan as cantareiras e pandeireteiras adoitaban ter a mesma estrutura: primeiro botaban os bailes soltos, con xotas e muiñeiras e despois os agarrados, con pasodobres, polcas, mazurcas... incorporados todos eles á música tradicional galega.



Este ano 2025 a Real Academia Galega dedícalles o Día das Letras Galegas ás cantareiras pola súa contribución ao uso, conservación e difusión da nosa lingua e a nosa cultura.


QUE SABES DO DÍA DAS LETRAS?

1. Sabedes a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas? Por que?

2. Completa este fragmento que aparece no segundo parágrafo do texto das cantareiras.

Estas cantigas interprétanas nos _____ tradicionais, foliadas, _____, ruadas, _____... ao remate dalgún _____ agrícola _____: esfoladas, _____, fiadas... ou mesmo nas _____ familiares ou _____.


3. Ordena as seguintes letras e poderás atopar o nome de tres celebracións galegas moi populares



4. Escolle unha das tres celebracións do exercicio anterior e fai un cartel animando a xente a asistir a esta festa.




5. Estes grupos usaban calquera obxecto que tiñan á man para acompañar e marcar o ritmo da cantiga. Fai o teu instrumento cunha botella de plástico e unhas pedriñas. Explica como o fixeches.



6. As cantareiras son agrupacións musicais que interpretan cantigas da nosa música tradicional. Ás veces empregan instrumentos como a pandeireta, o acordeón, o bombo, o pandeiro, a gaita, as cunchas, as tixolas... Une cada debuxo co nome correspondente.



☐ **TIXOLAS**




☐ **PANDEIRETA**



☐ **ACORDEÓN**




☐ **GAITA**




☐ **CUNCHAS**


☐ **BOMBO**



☐ **TAMBOR**



7. Resolve o encrucillado da música tradicional galega.



HORIZONTAIS

1. Instrumento musical de vento cun saco chamado fol.
2. Diversión buliciosa e esaxerada.
3. Muller que toca a gaita.
4. Danza popular de ritmo vivo que ten moitas variantes.

VERTICAIS

- A. Instrumento circular de percusión con ferreñas ao seu redor.
- B. Percorrido que se fai polas rúas bailando e cantando.
- C. Reunión nocturna de xente para divertirse, cantar e bailar.
- D. Composición musical en verso.
- E. Muller que canta cantigas populares.
- F. Baile de parella que presenta un ritmo alegre e vivo.


HORIZONTAIS: 1. GAITA 2. ESMORGA 3. GAITEIRA 4. XOTA
VERTICAIS: A. PANDEIRETA B. RUADA C. FOLIADA D. CANTIGA E. CANTAREIRA F. PASODOBRE

Teño un amor en Rianxo

Teño un amor en Rianxo e outro en Vilagarcía,
para ver os meus amores teño que cruzar a ría,
teño que cruzar a ría, teño que cruzar a ría,
teño un amor en Rianxo e outro en Vilagarcía.

Non lle temas, mariñeiro, ao ventíño do mar,
que co vento mareiro dá mellor navegar.
Se navegas pola ría de Rianxo verás
as estrelas e a lúa darlle bicos ao mar.

Lévalle no teu peteiro, gaivotiña voa, voa,
lévallee no teu peteiro, unha cartiña de amores
pra o meu amor rianxeiro,
pra o meu amor rianxeiro,
pra o meu amor rianxeiro
gaivotiña voa, voa, lévalle no teu peteiro.



QUE SABES DA CANTIGA?

1. Serías quen de responder estas adiviñas sobre as aves e os astros?

Estrelas Pitiño Mercurio Loro Lúa

Son o planeta máis pequeno,
o que máis preto estou do Sol.
No meu nome levo a palabra río,
da calor non me libro.

Son un paxaro que falo e falo
e non paro de falar,
teño ás de moitas cores
e de tanto falar
na cabeza levanto dores.

De noite saen sen ser invitadas,
cando o galo canta se perden
pero non están extraviadas.


Gústame moito brilar,
sen morrer nazo nova
e a pesares de non comer,
chea pode lucir,
pero só me descubrirás ao anoitecer.

Pequerrecho e amarelo,
vestidiño de algodón parezo.
Son fillo dunha nai tatexa
e dun pai que canta
cando sae o sol.

2. A gaivota leva no peteiro unha carta de amor. Escribe ti unha carta a un amigo, a unha amiga ou a un familiar contándolle algo especial que che pasara este curso.



3. Unha ría é un val fluvial ocupado polo mar. En Galicia temos moitas rías que podemos dividir en Rías Altas e Rías Baixas. Colorea de verde a costa das Rías Baixas e de vermello a das Rías Altas. Completa os nomes.




4. Os que traballan no mar son mariñeiros ou mariñeiras. Como se chaman os traballadores ou traballadoras que traballan nestes lugares?

Libreiro/a	Carniceiro/a	Florista	Ferreiro/a
Oficinista	Mariñeiro/a	Banqueiro/a	
Froiteiro/a	Peixeiro/a	Xastre	

CARNIZARÍA ▶	LIBRARÍA ▶
PEIXARÍA ▶	BANCO ▶
FLORERÍA ▶	MAR ▶
FROITARÍA ▶	FERRARÍA ▶
OFICINA ▶	XASTRERÍA ▶

5. Aquí xuntáronse 16 gaivotas. Saberías calcular cantas ás teñen entre todas? E cantos peteiros hai en total?



DATOS

OPERACIÓN

RESULTADO

6. Nas cantigas aparecen moitas expresións típicas do idioma galego. Sabes o significado destas expresións? Relaciona.

Caer da burra ■

Chegar e encher ■

Malo será! ■

Ser un toxo ■

Outra vaca no millo! ■

Tarde piaches! ■

Éche o que hai! ■

É un miñaxoia ■

**Quedar coma
un Pepe** ■

**Ser máis listo
que un allo** ■



● Non hai máis que facer ou non hai máis que falar.

● Acadar as cousas á primeira e sen esforzo.

● Persoa que actúa igual de mal que outra.

● Persoa sen maldade nin astucia.

● A pesar de todo, sempre hai maneira de saír adiante.

● Ser túzaro e malhumorado.

● Quedar satisfeito despois de comer.

● Decatarse moi tarde dun erro que se cometeu.

● Chegas tarde!


● Ser moi intelixente.

7. Pon en pasado, presente e futuro as formas verbais que aparecen na cantiga.


VERBO	PRESENTE	PASADO	FUTURO
TEMER	Eu	Eu	Eu
NAVEGAR	Eu	Eu	Eu
DAR	Eu	Eu	Eu
LEVAR	Eu	Eu	Eu
VOAR	Eu	Eu	Eu

8. En Galicia temos moitos nomes para definir as embarcacións nas que navegamos. Atopa as cinco do cadro na sopa de letras


DORNA
GAMELA
BUCETA
CHALANA
TRAIÑEIRA



9. As estrelas e a Lúa son corpos celestes, como o planeta Terra, onde vivimos. Pero neste cadro coáronse algúns intrusos que non son corpos celestes. Descúbreos e ríscaos.




10. Arrodea as cinco diferenzas entre estas dúas gaivotas.



9. Escribe as partes máis características desta gaivota.

PETEIRO	CALUGA	COLA	GARRA
PEITO	DEDAS	GORXA	OLLO
			ÁS



10. Gaivota é un nome de ave típica das costas galegas. Ordena as sílabas do nome doutros animais que seguro coñeces.

gre - can - xo ► _____

bo - pol ► _____

ce - per - be ► _____

di - ña - sar ► _____

to - cen - la ► _____

fi - ño - gol ► _____



11. Un rianxeiro ou rianxeira é unha persoa que vive en Rianxo. Saberías relacionar os seguintes xentilicios galegos coas súas poboacións?

Coruñés, coruñesa ■

Lucense ■

Ourensán, ourensá ■

Pontevedrés, pontevedresa ■

Santiagoés, santiaguesa ■

Vigués, viguesa ■

Ferrolán, ferrolá ■

Monfortino, monfortina ■

■ **FERROL**

■ **MONFORTE
DE LEMOS**

■ **OURENSE**

■ **VIGO**

■ **LUGO**


■ **A CORUÑA**

■ **SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

■ **PONTEVEDRA**

12. Gaivota é tamén un nome individual que ten como colectivo os nomes de «bandada», «banda» e «bando». Saberías colocar cada nome colectivo onde lle corresponde?

rabaño orquestra
arquipélago constelación
enxame banco



músico ► _____

ovella ► _____

peixe ► _____

illa ► _____

estrela ► _____

abella ► _____